



MALPICA. DOS RIÁS Á FERREIRA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2019




Distancia: 10 km (ida e volta)
Dificultade: media



Furna na praia dos Riás

Un pequeno tramo da costa leste de Malpica que vai desde a praia dos Riás ata o linde con Carballo, na punta de Ferreira ou Santa Mariña, un espazo protexido dentro do LIC e ZEPA “Costa da Morte” pola importancia dos hábitos costeiros, da flora, da xeoloxía e da paisaxe.

Na costa leste de Malpica é imposible facer un percorrido continuo polo abrupto do relevo, altos cantís separados por vales fondos e estreitos polos que escoan cara ao mar, en forma de mingados regueiros, as augas dos arredores; pero con numerosos e interesantes espazos puntuais aos que é posible acceder desde as localidades máis próximas, polos que se poden completar curtas camiñadas de ida e volta e variado interese.



Vista desde a punta da Ferreira cara ás praias da Pradeira e As Torradas

PERCORRIDO

Podemos comezar indo de Cambre á praia dos Riás ou desde Aviño á praia das Torradas.

Neste tramo da costa atopamos unha sucesión de seos, amplos, formando case un continuo, coa marea baixa, pero moito máis minguados, e illados, cando sube o mar; os cantís que os separan, con numerosas furnas, e varias masas rochosas illadas e próximas á costa. En conxunto forman un espazo polo que podemos facer unha camiñada entre as puntas da Pedra Negra ou o Cociñadoiro e a punta do chan de Razo, xa no concello de Carballo. O percorrido ida e volta entre os dous puntos extremos é duns 10 km.

Comezar na praia das Torradas ou na dos Riás só ten de diferenza o punto de partida porque o percorrido a pé é de ida e volta. Se comezamos na dos **Riás** temos que ir un pouco atrás, uns 600 m, para coller a pista de terra que a uns 200 m ten un desvío á dereita para baixar á **punta da Pedra Negra** e o **Cociñadoiro** desde onde temos unha panorámica da costa ata as Sisargas, e vistas de detalle dos **Castelos**, rochas elevadas esgazadas da costa. De volta na **praia dos Riás**, que se asenta na desembocadura do **rego dos Riás** e os seos próximos, podemos pasar á **praia das Torradas** pola area, se a marea está baixa, ou remontando un pouco o rego dos Riás, o que desemboca na praia, e cruzalo para subir por un carreiro bastante encosto á estrada que desde Aviño se achega á praia das Torradas.

Desde a praia das Torradas, ao pé da escaleira de acceso, onde desemboca, cunha pequena escorregadoira, o **rego do Piñeiro**, sae un camiño-carreiro que fai parte do roteiro para bicicletas “Ruta dos Pinos do Mar” que logo gaña altura para achegarse á **praia da Pradeira** e ao camiño que, despois de cruzar o rego que desauga na praia da Pradeira, sube ao lugar de Santa Mariña, xa no concello de Carballo. Seguindo polo camiño, de fronte, a uns 100 m, atopamos un desvío á esquerda, un camiño pouco transitado, e nel, a uns 200 m, outro desvío á esquerda, un carreiro menos marcado aínda que, por entre as herbas das leiras abandonadas e os fentos e os toxos do cantil, nos permite chegar á **Ferreira** ou **Punta de Santa Mariña**, límite entre os concellos de Malpica e Carballo, desde onde temos, cara atrás, unha vista do tramo percorrido e, cara adiante, xa pertencentes ao litoral de Carballo, o **seo das Tullas**, coa parte baixa do cantil escavada por numerosas furnas, e a **punta de Razo** e as **illas Percebeiras**. Para chegar á punta de Razo temos que volver ao camiño e seguir por el ata a beira do cantil das Tullas para seguir logo por un carreiro que se mete entre os piñeiros e sae ao camiño que baixa á punta de Razo desde onde temos á vista as longas praias de Razo e Baldaio e a lagoa. A volta facémola polo camiño da ida obviando os desvíos puntuais. Desde a praia dos Riás podemos ir á praia de San Miro sen volver a Cambre collendo na subida o desvío á dereita, a pista de terra, polo que fomos ao Cociñadoiro, pero sen desviarnos a el, e nuns 2 km saímos á estradiña que, cara á dereita, baixa a San Miro.

A pista de terra que segue desde San Miro lévanos ao Ceán desde onde se pode continuar ata Ardeleiro para ver os Muíños da Ribeira



Punta do Cociñadoiro ou Pedras Negras



Os Castelos




Praia dos Riás



Praia dos Riás



Vista desde a praia dos Riás ata a punta de Chan de Razo



Praia das Torradas



Punta da Ferreira ou de Santa Mariña,
linde entre Carballo e Malpica

Asplenium maritimum, un fento
común nas furnas desta zona



Vista desde a punta da Ferreira cara a ao seo das Uchas e a punta de Chan de Razo coas Percebeiras